



25N DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CARA Á MULLER

---

## **MANIFESTO**

O 25 de novembro de 1960, as irmás Mirabal (Patria, Minerva e María Teresa), importantes activistas na loita pola liberdade, foron asasinadas na República Dominicana pola policía secreta do ditador Trujillo. A conmoción social por este tráxico suceso marcou o comezo da fin da era trujillista, despois de 31 anos dunha das ditaduras máis despiadadas de América Latina.

Anos máis tarde, en 1981, durante o primeiro Encontro Feminista de Latinoamérica e o Caribe, propúxose esta data polo seu valor simbólico, pero non foi ata 1999 cando a ONU a declarou como o “Día Internacional contra a violencia cara á muller.

Desde entón, vense conmemorando este día para chamar a atención e xerar conciencia arredor da idea da violencia contra as mulleres como unha das formas de violencia máis extendida no mundo e de maior crueldade.

Ante esta situación, o IES Otero Pedrayo quere manifestar o seu rexeitamento total a calquera tipo de violencia, facendo especial fincapé naquela que é cara á muller, fomentando modelos alternativos de convivencia baseados no respecto e na igualdade, comprometéndonos a:

- Impartir unha educación igualitaria, que non perpetúe roles discriminatorios, de calquera índole que estes poidan ser.
- Considerar que as persoas, homes e mulleres, mozos e mozas, nenos e nenas somos iguais en dereitos, capacidade de decisión e oportunidades para elixir.
- Rechazar todas as accións, comentarios e discursos sexistas e/ou violentos que denigren a imaxe da muller.
- Ser libres para decidir, sen o condicionante de ser home ou muller.
- Compartir tarefas domésticas e coidados propios e das persoas.
- Resolver os conflitos de maneira non violenta.
- Mostrar o noso apoio e solidariedade ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Ourense, 25 de novembro de 2019